



MARÍA TRINIDAD RODRÍGUEZ SUÁREZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE PONTECESURES

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3º.- OBRA DE “REURBANIZACIÓN DUN TRAMO DO CAMIÑO DE PAXAREIRA” (POS/2017).- EXPTE. CONTRATACIÓN.

Á vista do expediente tramitado para a contratación das obras de “*Reurbanización dun Tramo do Camiño de Paxareira*”, subvencionada pola Deputación provincial, con cargo ao “Plan de Obras e Servizos (POS) 2017“, cun presuposto base de licitación de 77.840,41 euros; e vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, a Memoria valorada das obras, os informes obrantes no expediente e demais documentación que o acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 117 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente con todas as actuacións iniciais levadas a cabo, para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, das obras de “*Reurbanización dun Tramo do Camiño de Paxareira*” (POS/17), convocando a súa licitación baixo a dirección do técnico municipal D. Carlos D. Besada Ferreiro.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio	Aplicación presupostaria	Valor estimado	IVE	Total orzamento base de licitación
2018	454.619	64.330,92 €	13.509,49 €	77.840,41 €

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e a Memoria valorada de Execución das obras que constitúe o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Designar aos membros da Mesa de Contratación e publicar a súa composición no Perfil de contratante:



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

Presidente: O Alcalde-Presidente do Concello, D. Juan Manuel Vidal Seage, ou persoa que legalmente lle substitúa.

Vogais:

A Secretaria-Interventora da Corporación, D^a. María Trindad Rodríguez Suárez, ou persoa que legalmente lle substitúa;

O Arquitecto municipal, D. Carlos D. Besada Ferreiro, e como suplente outro técnico designado pola Alcaldía;

O Concelleiro delegado de obras D. Ángel Manuel Souto Cordo ou na súa ausencia a Concelleira delegada de Urbanismo, D^a M^a Isabel Castro Barreiro.

Secretario: D. Ricardo Campos Saborido, funcionario de carreira do Concello, e como suplente outro funcionario de carreira designado pola Alcaldía.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da LCSP, coa información e documentación establecida no artigo 63.3 da LCSP, en particular o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, a Memoria valorada das obras, a Memoria xustificativa do contrato e o acordo de aprobación do expediente.””

E para que conste, aos efectos oportunos, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, expido o presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Juan Manuel Vidal Seage, en Pontecesures a vinte e cinco de outubro de dous mil dezaioito.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)